

CRITERIO SOBRE A APLICACIÓN DA BASE TERCEIRA APARTADO 7 DA RESOLUCIÓN DO 10 DE XANEIRO DE 2020 DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI, POLA QUE SE ANUNCIA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS Á CREACIÓN ESCÉNICA PARA O ANO 2020 (DOG nº 35, DO 20 DE FEBREIRO DE 2020)

A Resolución do 10 de xaneiro de 2020 establece na súa base 3ª.7 que:

“Sen prexuízo da posible presentación de máis dun proxecto distinto por unha mesma persoa solicitante nas distintas modalidades, só poderá ser obxecto de subvención un proxecto por persoa física ou xurídica. Para estes efectos, a persoa solicitante deberá establecer unha orde de prelación sobre os proxectos presentados, que a Comisión de Valoración terá en conta no caso de que varios proxectos se consideren subvencionables. Non poderán presentar o mesmo proxecto distintas persoas beneficiarias. Non poderá presentarse un mesmo proxecto a distintas modalidades”.

Ante as numerosas dúbidas presentadas polo solicitantes, cómpre facer a seguinte aclaración sobre a citada base:

O concepto proxecto non é o mesmo que o de produción, polo que unha das dúas producións dun mesmo proxecto poderá optar á modalidade catro e a outra modalidade distinta.

O director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

